



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Eli Ríos

[Ramón Nicolás](#) 28 Maio 2014

1.– Principal trazo do seu carácter?

– Pallasa.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– O humor intelixente.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Nada. Se son amizades é porque todo o que agardaba delas xa está enriba do tapete.

4.– A súa principal eiva?

– Darlle demasiada importancia aos detalles.

5.– A súa ocupación favorita?

– A sesta. Que grande pracer!

6.– O seu ideal de felicidade?

– Pois gustaríame poder facer máis a miúdo as ceas na praia coa miña xente. Son momentos moi especiais pero como o verán aquí dura tan pouco...

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Non ter nacido.

8.– Que lle gustaría ser?

– Pois o que son porque cando quixen ser outra cousa fíxeno a través da literatura así que ese lado xa está cuberto.

9.– En que país desexaría vivir?

– No que vivo senón xa tería marchado.

10.– A súa cor favorita?

– Depende para qué. Gosto do lila, do azul, do laranxa, do branco,...

11.– A flor que máis lle gusta?

– Ningunha. Creo que as plantas me teñen manía. Non me sobreviven nin os cactus.

12.– O paxaro que prefire?

– A lavandeira e a pega.

13.– A súa devoción na prosa?

– Non teño devocións porque leo até as instrucións do Ikea pero si libros aos que volvo con frecuencia. Calquera da Lída Jorge.

14.– E na poesía?

– O mesmo que a anterior. Regreso habitualmente ao Álvaro de Campos e ao Herberto Helder aínda que, desde hai uns meses, habitan a miña mesiña de noite as *Lavandas...* de Ramón Neto.

15.– Un libro?

– Imposible. Un só non podo.

16.– Un heroe de ficción?

– R2-D2

17.– Unha heroína?

– Neste momento, Lisbeth Salander.

18.– A súa música favorita?

– O punk, británico, a poder ser.

19.– Na pintura?

– A pintura é como os libros, non podes escoller unha única obra pero se alguén desexa agasallarme un cadro do Quim Alcantara non vou dicir que non.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Nesta época de crise moita xente: desde a profe dos meus fillos que fai un traballo increíble cos poucos recursos cos que conta, a doutora que os mima como se non houbese recortes, os meus maiores que viven con pensións ridículas despois de pasar unha vida enteira cotizando, a miña viciña que quedou no paro e reinventouse montando un negocio, os amigos que crean unha empresa, os que emigran deixando aquí a súa familia... Hoxe en día hai tantos heroes e heroínas...

21.– O seu nome favorito?

– Lela.

22.– Que hábito alleo non soporta?

– O pesimismo.

23.– O que máis odia?

– O egotismo.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Ningunha. Podo estar de acordo ou non pero toda persoa é importante para alguén.

25.– Un feito militar que admire?

– Non admiro nada militar pero interésame a Revolución dos Cravos.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– O de entender o mundo con só miralo como facía miña avoa. Sabía se unha vaca ía parir ou non con mirarlle á cara ou se o bieiteiro estaba preparado para ser apañado e facer o aceite.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

– Morrendo dun ataque de risa.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Retranqueiro.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– Os que conteñen unha alta dose de inocencia.

30.– Un lema na súa vida?

– Un que me dixeran hai pouco: “Nunca mates unha mosca na cabeza dun tigre”.